



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Bustillo Bolado, Roberto
Cuiñas Gómez, Íñigo
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pillado González, Esther
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Amesto, Belén
Tellado González, Fernando

PDI-A:

Castro Cerceda M^a Luisa
García Fontán Soledad
García Pino Antonio
González Santamaría Pedro
Llamas Nistal Martín
Meana Martínez Juan Carlos
Pérez Cota Manuel
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Vallejo Pousada Rafael
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

Fernández Alvarado, Hadrián
Fernández González, Brais
Fortes Novoa, Brais

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPANA SÚA AUSENCIA:

García Señorán, María del Mar
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Martínez Gómez, César Enrique
Pena Uris, Gloria M.
Pérez Abellás, Adolfo
Rivo López Elena

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 23 de xuño de 2015, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **23 de xuño de 2015** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de maio de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2014 da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, das solicitudes de transferencia de gastos de capital a gastos correntes.
5. Aprobación, se procede, das solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2014.
6. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor.
7. Aprobación, se procede, do Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, da participación da empresa QUANTUM INNOVATIVE, S.L. como EBT da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, de prórroga de Comisión de Servizos.
11. Aprobación, se procede, da solicitude de extinción do título de Máster Universitario en “Información Técnica do Medicamento”.
12. Aprobación, se procede, da Normativa de admisión a grao de estudantes con estudos universitarios iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española.
13. Aprobación, se procede, do novo Programa de Maiores da Universidade de Vigo.
14. Adhesión da Universidade de Vigo, se procede, á petición dun Pacto de Estado pola Infancia.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de León* para a organización de cursos de extensión universitaria no marco do convenio de colaboración do 2 de setembro de 2011 – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Técnica Particular de Loja* (Ecuador) para o envío de docentes do Dpto. de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Puerto Rico* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Ponta Grossa* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Ponta Grossa* (Brasil) para o

intercambio de estudantes – *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and the Omsk State University F.M. Dostoyevsky* – *Specific agreement between the Universidade de Vigo and the Omsk State University F.M. Dostoyevsky* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Antioquia* (Colombia) para a investigación en procesado de voz – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad EAN* – Convenio de colaboración entre a EGAP e as universidades de Santiago de Compostela, Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o cofinanciamento de congresos no 2015 – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no financiamento de recursos de información científica en liña – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar ao persoal investigador no SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG para o cofinanciamento da adquisición e mantemento de infraestruturas e equipamento no marco do Plan Estatal de I+D+i.

16. Elección de representantes na Comisión de Investigación.

a. Sector Estudantes: 1 vacante

17. Elección de representantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

a. Sector Estudantes: 1 vacante

18. Rogos e preguntas.

Antes de pasar a tratar a orde do día, o reitor informa da suplencia da secretaria xeral, de xeito que a secretaría será ocupada nesta sesión polo vicerreitor do Campus de Ourense.

Propón retirar o punto sexto da orde do día, “Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor”, e adiar o debate sobre o mesmo para un próximo Consello de Goberno, ante a petición do colectivo de axudantes doutores.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de maio de 2015.

Tras dar comezo a sesión, o reitor indica que non se presentaron alegacións á acta.

Apróbase coa única abstención de Manuel Pérez Cota, quen motiva a súa decisión no feito de non estar presente no Consello de Goberno do 7 de maio de 2015.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor, a modo de recapitulación, fai unha revisión da situación do PDI na Universidade de Vigo á vista da evolución do marco normativo estatal e autonómico dos últimos anos, referíndose a cinco grupos de interese, a saber, profesores titulares acreditadas/os catedráticos, profesores contratados doutores acreditadas/dos titulares, profesores contratados doutores interinos, investigadoras/es Ramón y Cajal e Parga Pondal, e profesores axudantes doutores acreditadas/os contratados doutores. Nesta recapitulación vai explicar como ten actuado a Universidade de Vigo e como debe seguir actuando, pois, indica, semella que esta institución non fixo nada porque sempre nos estamos anticipando por iso é importante revisar o realizado ata o de agora. Sinala que cando empezan os recortes no sistema público no ano 2009, concretándose a partir do ano 2010, as achegas públicas sofren unha merma moi importante. Sendo esa redución do gasto público preocupante, o realmente grave foi que por vez primeira o goberno adoptou

decisións que afectaban á propia autonomía universitaria incidindo nas políticas de persoal. A primeira medida foi publicar unha lexislación de facenda que permitía intervir dende o poder político ás administracións públicas se estas incorrían en déficit. Iso significaba que as CCAA podían intervir se as universidades incorrían en déficit. No ano 2011 estabamos a salvo desa intervención porque nesta Universidade logramos equilibrar as contas públicas. Non estabamos nese perigo, a diferenza doutras universidades. Naquel momento a intervención directa só se fixo na Comunidade Autónoma de Madrid e na Comunidade Autónoma de Cataluña, traducíndose en expedientes de regulación de emprego que conlevaron o despedimento de aproximadamente 400 persoas entre PDI e PAS. En 2012, na Lei de Orzamentos do Estado estableceuse unha metodoloxía de intervención máis transversal e total que foi a chamada taxa de reposición. Conxelouse a contratación nas Administracións Públicas, permitindo esa contratación só a través da taxa de reposición do 10% e por motivos xustificadas previa petición ao Ministerio ou Consellería competente e obtención de permiso. Este cambio normativo truncou toda planificación de promoción da Universidade de Vigo, destinada á retención de talento e de captación tanto de PDI, sobre todo, pero tamén de PAS. Esta Universidade tiña solvencia económica o que viña permitindo que houbera promoción de profesores titulares a catedráticos, de contratados doutores a titulares, de axudantes doutores a contratados doutores, etc. Para nós, esta política de profesorado segue vixente, pero está truncada pola normativa relativa á taxa de reposición. Debe quedar claro que a imposibilidade de promoción ou de consolidación de profesorado se debe ao marco normativo estatal e autonómico actual, e sen embargo, faise de tal xeito que as frustracións do persoal da universidade recaen finalmente nos que temos que xestionar directamente as universidades. En 2012 fixemos unha serie de propostas para minimizar o impacto deste marco normativo. Evidentemente non podíamos ofertar prazas de catedrático nin de profesores titulares. De feito, aquelas universidades que ofertaron estas prazas e celebraron concursos foron requiridas a través de burofax por parte do Ministerio de Facenda. As que non atenderon eses burofax foron levadas perante os tribunais, sendo aquelas prazas obxecto de recurso por parte da avogacía do Estado. Nese momento iniciamos un debate político para ir contra a taxa de reposición e tentar modificar a lei de orzamentos do estado de 2013. Pero á súa vez esta universidade conseguiu que a Xunta de Galicia permitise neste ano 2013 aínda ofertar prazas de contratados doutores. Pero o Ministerio de Facenda finalmente tamén acernou esta posibilidade. Isto provocou un axuste maior. No curso 2013-2014 conseguimos manter a posibilidade de contratación do persoal investigador e dos profesores axudantes doutores a través de profesores contratados doutores interinos. Daquela non existía ningunha limitación para levar a cabo este tipo de contratos. No ano 2014 o Ministerio de Facenda envía unha comunicación ás comunidades autónomas prohibindo facer este tipo de contratos. A Consellería de Educación ten remitido instrución por escrito ás tres Universidades do SUG na que se traslada directamente a prohibición do Ministerio de Facenda. Polo tanto, formalizar contratos de contratados doutores interinos sería un quebranto manifesto do marco normativo actual coa posibilidade certa de que estes contratos fosen finalmente impugnados. Ante esta situación a loita de moitas universidades, e especialmente importante da Universidade de Vigo, ten transitado cara a eliminación da taxa de reposición. Loita frustrante, pois conseguimos soamente que se incrementase ao 50%, algo insuficiente para unha universidade coma a nosa, dada a configuración do cadro de persoal. Hai que sinalar, non obstante, con todas as cautelas, que semella que esa taxa se ampliará ata ao 100% para as universidades. O argumento empregado para solicitar reiteradamente a eliminación da taxa de reposición é o da necesidade de reter o talento. Xa que logo, esta universidade vai seguir loitando contra a taxa de reposición, aínda que esta se eleve ao 100%, porque non a cremos xusta. Neste escenario hai que dar resposta inmediata a dous colectivos en risco: aos investigadores que gañaron o plan de promoción e aos axudantes doutores aos que se lle extingue o contrato. Coa finalidade de gañar tempo na procura dun cambio de escenario normativo e lograr manter o vínculo laboral para que no futuro poidan promocionar, o equipo de goberno estivo a traballar en dúas propostas que se traducen en dúas convocatorias vinculadas á Lei da Ciencia. Son programas específicos, que cumpren con garantía principios de seguridade laboral e xurídica. Nace así o programa de intensificación investigadora dos axudantes doutores, que hoxe se quería someter á valoración e, no seu caso, aprobación deste Consello de Goberno, pero que como viron vostedes foi retirado da orde do día á espera de atopar un maior consenso co colectivo directamente afectado, pois así se nos pediu e este reitor e este goberno sempre amosou a máxima disposición ao diálogo e ao consenso e facémolo unha vez máis. Permítanme deixar claro que no

momento en que desapareza a taxa de reposición esta Universidade está preparada para cumprir os seus compromisos de promoción de profesorado dando así cumprimento ao Convenio Colectivo: así, de titulares a catedráticos, de contratados doutores a titulares, etc. Para iso precisamos que se elimine a taxa de reposición. Agardemos que ese cambio se produza nun futuro non moi afastado. Eu, como reitor desta universidade, quero que conste en acta esta recapitulación, para que calquera persoa da comunidade universitaria que teña interese poida ler e coñecer o histórico en relación coa promoción de profesorado e valorar adecuadamente as responsabilidades e responsables da actual situación. Pero ao mesmo tempo pídovos, como membros do Consello de Goberno, que haxa complicidade institucional, pídovos que transmitades estes feitos. O equipo de goberno estamos abertos a outras solucións ou formulacións que se nos poidan facer chegar. Salvo nun caso, a proposta de incumprir a lei non a compartimos, non a aceptamos e non a imos levar a cabo. Fundamentalmente porque leva consigo riscos extremadamente graves para terceiros, é dicir, para aqueles que nesas circunstancias obteñen unha praza e asinan un contrato, pero tamén para futuros xestores da institución. Por último, sinalar que trataremos novamente estas cuestión no vindeiro claustro, aberto ao debate e no que tanto eu mesmo coma a vicerreitora de organización académica e profesorado explicará cantas cuestións se susciten.

Noutra orde de cousas, indica que se celebrou o plenario da CRUSOE. Presenta unha valoración do traballo levado a cabo ata o momento por esta conferencia, salientando o feito de constituír un vehículo para facer chegar as estratexias das universidades aos gobernos autonómicos. Neste sentido foi clave o papel da CRUSOE na elaboración do RIS3. Na última reunión creouse un comité executivo que estará presidido pola Universidade de Vigo, cunha vicepresidencia ostentada pola Universidade de Tras os Montes – Alto Douro e cinco vogalías que recaen nas universidades de Aveiro, Oviedo, Salamanca, Valladolid e o Instituto Politécnico de Porto. Estase preparando un documento e metodoloxía coa que explicar á comunidade científica de que maneira poden interactuar coa CRUSOE. Por exemplo de instrumentos que xorden desta conferencia é o programa IACOBUS. Preténdese, pois, que os gobernos financien instrumentos elixibles polas universidades. Intentaremos financiar unha multiplataforma para que os investigadores de todas as universidades implicadas se poidan interconectar. Queremos estender o IACOBUS a toda esta macrorrexión, tendo en conta os bos resultados acadados. En definitiva, quérese xerar unha mecánica de oportunidades neste marco macrorrexional. A este respecto estamos comprobando que no mundo das humanidades e xurídico social esta constitúe unha plataforma moi ligadas á súas liñas de investigación, o cal me alegra especialmente porque son dous ámbitos que atopan poucos espazos de oportunidade. No científico-tecnolóxico pretende ser un valor engadido. A partir do mes de setembro trasladarase á comunidade universitaria información sobre as accións de CRUSOE máis alá do plano institucional.

Informa, a continuación, sobre o estado de cousas respecto á sede institucional no centro da cidade de Vigo, que acollerá o Centro de Linguas. Unha vez asinado ante notario a cesión do solar a prol da Universidade de Vigo, estase a proceder a elaborar o prego de contratación para o proxecto de obra.

Tamén informa que o prego de licitación para contratar o anteproxecto de obra do edificio que albergará laboratorios específicos e a sé institucional do Campus da Auga vaise publicar en breve.

Por último, indica que se está avanzando en relación cos terreos da ETEA e agarda poder dar unha información máis precisa no vindeiro consello de goberno.

Punto 3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2014 da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen incide nos aspectos máis salientables, en especial o resultado orzamentario positivo pese ao volume de actividade sostido con fondos finalistas recadados en exercicios anteriores. Matiza que esta situación posiblemente non sexa factible de repetir na liquidación do seguinte exercicio dada a intensificación que se esta a seguir neste exercicio na execución dos proxectos financiados con fondos finalistas. En concreto, dado que en 2015 temos que executar gran parte do proxecto TACTICA, adianta que dentro dun ano coa liquidación de 2015 seguramente presentaremos un resultado negativo. Polo demais destacar que aínda que a 31 de

decembro de 2014 a Universidade de Vigo tiña uns dereitos pendentes de cobro de máis de 29 mill. de euros, mentres que as obrigas pendentes de pago sumaban 583 euros. Estes datos son un bo reflexo da situación de solvencia desta universidade, que ademais non precisa recorrer a fontes de financiamento alleas. Nesta liña, o período medio de pago a provedores está en 25 días, por debaixo do establecido legalmente para as Administracións Públicas. Os resultados en todos os ratios amosan a boa situación, a solidez da institución, e pensamos que este debe ser o primeiro obxectivo no que traballar.

Aproveita que está no uso da palabra para informar sobre a negociación do Plan de financiamento plurianual, tendo en conta que a última reunión de traballo tivo lugar precisamente a semana pasada. En ningún caso semella que a financiación vaia ser menor que a que se pecha en 2015, habendo certo consenso en que o reparto de fondos estruturais e por resultados se faga a razón de 60% e 40%. Non hai avances significativos en relación co financiamento por resultados. Para o goberno da Universidade de Vigo hai dúas cuestións que nos parecen básicas, como son o feito de que os indicadores que se tomen como base para o reparto dos fondos deben ser públicos e relativizados por tamaño de universidade. No que se refire ao financiamento estrutural, este vai estar baseado no número de créditos matriculados, o que supón un avance significativo respecto aos criterios (históricos) nos que se viña traballando en plans anteriores. O goberno da Xunta de Galicia insiste en tratar de xeito diferenciado a docencia clínica, cousa coa que o goberno da UVigo se amosou en desacordo. Por último, o Vicerreitor informa de que o goberno da Xunta de Galicia anunciou a creación dun fondo de suficiencia económica, fóra do plan de financiamento plurianual, que ten como obxectivo atender a aquelas universidades que poidan percibir menos que o recibido en 2015.

Concluída a intervención do vicerreitor de Economía e Planificación, o reitor cede a palabra ao xerente, quen procede á presentación dos documentos da conta anual do exercicio 2014. Indica que todos os documentos están á disposición dos membros do Consello de Goberno na páxina web da UVigo. Dende o punto de vista de resultados orzamentario o balance é positivo. A evolución do orzamento de ingresos é positivo, mantendo unha cifras similares as do exercicio precedente. Consonte ao orzamento de gastos tamén se aprecia normalidade, cunha minoración incluso respecto do exercicio precedente. O remanente de tesourería mantén en liñas xerais os niveis do exercicio 2013, liñas de normalidade. A conta do resultado económico patrimonial mostra un empeoramento do resultado do exercicio debido aos ingresos por axudas finalistas recibidos en anos anteriores e que conlevan gastos nos exercicios 2014 e futuros pero que no afectan a actividade corrente da Universidade. O balance de situación amosa a solidez da posición da Universidade detallado nos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios. En definitiva, a situación xeral da UVigo é positiva. Na súa exposición o xerente incide en dous aspectos. Por unha parte, na web da UVigo atópase o portal de transparencia no que se contén información económica e contable aberta a toda comunidade universitaria e á sociedade no seu conxunto. Na información económica pódese atopar tanto o orzamento de 2014, como as contas do ano 2015 nun senso amplo, é dicir, contas auditadas pola empresa contratada polo Consello Social, resumo de contas anuais, pero despois hai moita máis información, como os expedientes de contratación e as memorias de licitación. Por outra parte, na web da UVigo tamén existe outro espazo denominado “perfil do contratante” que permite acceder a toda a actividade de contratación que se fai na UVigo. Estamos tentando ser extremadamente transparentes. Así, por exemplo, facilitamos a través da web que calquera empresa poida ver información sobre os expedientes de contratación. É dicir, non só publicamos todas as fichas resumos, anuncios, documentación de pregos, senón tamén as actas, os informes, etc.

O reitor toma a palabra agradecendo ao vicerreitor de Economía e Planificación e ao xerente as súas intervencións.

O reitor cede a palabra a palabra a Pedro González Santamaría, quen intervén sinalando que dende o seu punto de vista existe unha contradición entre a situación financeira da UVigo que se acaba de expoñer e a precarización do persoal desta universidade.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación. Este último sinala que estas cuestións xa foron tratadas na comisión de economía. Por outra parte, continúa, xa se explicaron polo miúdo polo reitor, en informes, as limitacións determinadas polo marco normativo estatal e autonómico, sobre o que nin esta nin ningunha universidade ten capacidade de intervención, que impediron e que impiden facer a

política de profesorado que a este equipo de goberno lle tería gustado, e que nestes momentos non depende de cuestións económicas.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

Punto 4. Aprobación, se procede, das solicitudes de transferencia de gastos de capital a gastos correntes.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen explica que a normativa de ámbito xeral esixe que cando se solicitan esta clase de transferencias débese seguir un procedemento que require, primeiro, a súa aprobación por Consello de Goberno e, segundo, por parte do Consello Social. Neste caso, vese como inicialmente se atribuíron determinadas cantidades no capítulo VI e para unha mellor execución solicítase a súa transferencia ao capítulo dous.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, das solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2014.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen explica que unha vez que coñecemos o remanente libre procedente do exercicio 2014 podemos decidir onde aplicalo.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor.

Este punto foi retirado da orde do día, consonte ao explicado polo reitor ao comezo da sesión.

Punto 7. Aprobación, se procede, do Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

A vicerreitora de Investigación e Transferencia comeza a súa intervención indicando que a promoción da investigación e a transferencia de coñecemento en todos os ámbitos é un dos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo. Sinala que os programas competitivos nacionais e autonómicos de contratación de persoal postdoutoral foron e seguen sendo fundamentais para a incorporación de investigadores e investigadoras novas, cuxa contribución ao progreso da I+D+i desenvolvida na nosa institución é indubidable.

Xa que logo, continúa, sendo conscientes da importancia dos recursos humanos de I+D+i, durante os últimos anos a Universidade de Vigo promoveu programas orientados á captación de persoal investigador e á consolidación da súa actividade dentro das liñas de investigación desenvolvidas na Universidade, tendo sempre en conta a avaliación obxectiva de méritos e a excelencia curricular. Lamentablemente, a actual conxuntura e as limitacións impostas pola lexislación vixente supuxeron considerables dificultades para este tipo de iniciativas, como explicou detalladamente o reitor no seu informe.

Explica que, por outra banda, a Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, establece nos seus artigos 21 a 23 a posibilidade de contratación de persoal investigador polos organismos públicos, caso da Universidade de Vigo, en réxime laboral baixo diversas modalidades contractuais. Baseándose nesta Lei, e co obxecto de facilitar a continuidade da actividade desenvolvida polo persoal investigador postdoutoral incorporado no marco dos programas Ramón e Cajal e Isidro Parga Pondal, propónse o Programa de Retención de Talento Investigador que hoxe se somete a aprobación.

Resumindo os puntos principais desta convocatoria, propónse a realización dun proceso selectivo para cubrir un máximo de 8 contratos de 3 anos de duración, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de investigador distinguido prevista no artigo 23 da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Establécese como requisito ser ou ter sido persoal investigador Ramón y Cajal ou Isidro Parga Pondal das convocatorias 2008, 2009 ou 2010 na Universidade de Vigo, con data de finalización de contrato entre xullo de 2013 e xuño de 2016, e dispoñer da acreditación ANECA como profesorado titular de universidade ou ter un mínimo de 40 puntos no apartado de investigación na resolución negativa.

Na convocatoria especificase o procedemento para a solicitude e a documentación requirida (a excepción do prazo de solicitudes, que deberá establecerse unha vez aprobada). A selección será realizada pola Comisión de Investigación, que tamén será a encargada da avaliación e seguimento sobre a base dos informes anuais preceptivos presentados polas persoas contratadas.

Por último, indica que o colectivo de contratados postdoutorais, Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal manifestaron a súa conformidade coa presente convocatoria, tanto no fondo coma na forma, e que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación do 16 de xuño de 2015.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da participación da empresa QUANTUM INNOVATIVE, S.L. como EBT da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

A vicerreitora de Investigación explica que a Normativa de creación de empresas da Universidade de Vigo, aprobada en Consello de Goberno do 19 de xuño de 2012 establece o procedemento para a aprobación da creación de EBTs e a participación da Universidade de Vigo nestas.

Precisamente, continúa, no marco desta normativa, sométese a aprobación a participación da empresa Quantum Innovative S.L. como EBT da Universidade de Vigo. Esta empresa, creada en 2009, baséase na actividade do grupo CIMA, dirixido polo profesor José Antonio Vilán Vilán, e fórmulase como unha empresa de servizos avanzados en enxeñaría mecánica, con actividades, entre outras, como a elaboración de informes sobre reformas e ensaios de vehículos, e o cálculo e deseño de máquinas e sistemas produtivos.

Propónse a participación da UVigo na empresa mediante a subscripción de participacións dunha porcentaxe de 1% por un valor de 5.656,14 euros. Segundo o informe final da OTRI, e aplicando o baremo deseñado no seu día para a axuda na toma de decisións, bota un resultado de 11.700 puntos (sobre 17.000) nos que se cumpren os criterios estratéxicos, técnicos e económicos para autorizar a participación da UVigo nesta empresa.

Na documentación que se fixo chegar aos membros de Consello de Goberno inclúese a documentación pertinente (informe da OTRI, plan estratéxico da empresa, modelo de contrato, acordo de transferencia tecnolóxica, os estatutos da sociedade).

Por último, indica que se conta coa autorización do Consello Social para esta participación, como requisito previo á aprobación en Consello de Goberno esixido pola normativa, debendo con posterioridade ser sometido de novo á consideración do Consello Social para a súa aprobación definitiva.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, da Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado expón brevemente a motivación desta normativa, que pretende dotar á Universidade dun marco único para os programas conxuntos de estudos

oficiais de grao. Expón, a continuación, os puntos máis salientables da normativa, que foi achegada ás e aos membros do Consello de Goberno. Destaca a obrigatoriedade de que o estudiantado realice e aprobe dous traballos de fin de grao, un para cada un dos títulos, cunha duración igual ao do traballo de fin de grao de orixe. Destaca tamén a necesidade, recollida no punto 14, de coincidencia das guías docentes nestes programas e nos graos correspondentes.

O reitor cede a palabra ao estudante Brais Fortes, quen solicita que se inclúa a posibilidade de que o estudiantado poida acceder a un PCEO a partir dun dos dous graos do programa.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que se pode contemplar na normativa que a memoria inclúa a porcentaxe do total de prazas que se destinará a este colectivo.

Con esta modificación, apróbase por asentimento (**Anexo II**).

Punto 10. Aprobación, se procede, de prórroga de Comisión de Servizos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado informa da solicitude da Universidade Politécnica de Madrid de prórroga da comisión de servizos do profesor Fernando Varas Mérida. Conta con informe favorable do Dpto. de Matemática Aplicada II ao que pertence este profesor e da COAP, polo que propón a aprobación da prórroga.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, da solicitude de extinción do título de Máster Universitario en “Información Técnica do Medicamento”.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado informa da solicitude de extinción do título de Máster universitario en “Información técnica do medicamento”. Conta co informe favorable da Comisión de Estudos de Posgrao, polo que solicita a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, da Normativa de admisión a grao de estudantes con estudos universitarios iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes.

A vicerreitora explica que a normativa que se somete a aprobación estende a posibilidade de admisión a estudos de grao por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS (de acordo co disposto no artigo 6 do Real decreto 1393/2007) a todo o estudiantado con estudos universitarios oficiais españois parciais que desexe ser admitido na Universidade de Vigo e/ou noutros estudos universitarios oficiais españois. Na normativa vixente na nosa Universidade so podían acceder a estudos de grao por esta vía aqueles/as estudantes procedentes doutro grao.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

Punto 13. Aprobación, se procede, do novo Programa de Maiores da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais presenta o novo programa de maiores da Universidade de Vigo. Destaca que o devandito programa se organiza en dous ciclos, o ciclo intensivo

e o ciclo integrado. O ciclo intensivo artículase como un conxunto de materias e actividades complementarias específicas, deseñadas de acordo cos principios e obxectivos do programa. O ciclo integrado artículase con materias dos graos da Universidade de Vigo de xeito que o alumnado sénior comparte aulas co alumnado novo. No que respecta ó seu deseño académico, subliña como principais novidades respecto do programa en vigor ata o momento as seguintes: (1) Adaptación a Bolonia das materias do ciclo intensivo. Definición das materias en base a competencias a desenvolver. Deseño arredor das actividades desenvolvidas polo estudiantado e non polo profesorado, medición da carga académica en créditos ECTS. (2) Configuración máis flexible do ciclo intensivo. Desaparecen as materias obrigatorias pasando a ser todas optativas. As materias non están asociadas a un curso concreto, senón que se poden cursar en calquera momento ata completar os 52 créditos do ciclo intensivo. A matrícula mínima redúcese a 9 créditos en calquera ano. Cada materia do intensivo poderase cursar tantas veces se queira, xa que todas as materias con prazas libres ofreceranse no programa de cursos de extensión universitaria para estudiantado sénior exclusivamente. (3) Introducción da especialización no ciclo integrado. O estudiantado poderase especializar en un ou varios ámbitos de coñecemento se completan 24 dos 36 créditos do ciclo integrado con materias do ámbito elixido. Poderanse cursar tantas materias como se queira (en anos sucesivos) para obter ata catro especialidades diferentes acumulativas (tecnolóxica, xurídico-social, científica, humanística). (4) Mantemento das taxas académicas e introdución de prezos especiais en función do número de créditos matriculados.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Adhesión da Universidade de Vigo, se procede, á petición dun Pacto de Estado pola Infancia.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais traslada aos membros do Consello de Goberno a solicitude feita por UNICEF para que a Universidade de Vigo se sume á solicitude dun pacto pola infancia.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de León* para a organización de cursos de extensión universitaria no marco do convenio de colaboración do 2 de setembro de 2011 – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Técnica Particular de Loja* (Ecuador) para o envío de docentes do Dpto. de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Puerto Rico* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Ponta Grossa* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Ponta Grossa* (Brasil) para o intercambio de estudantes – *Co-operation framework agreement between the* Universidade de Vigo *and the* Omsk State University F.M. Dostoyevsky – *Specific agreement between the* Universidade de Vigo *and the* Omsk State University F.M. Dostoyevsky – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Antioquia* (Colombia) para a investigación en procesado de voz – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad EAN* – Convenio de colaboración entre a EGAP e as universidades de Santiago de Compostela, Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o cofinanciamento de congresos no 2015 – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no financiamento de recursos de información científica en liña – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar ao persoal

investigador no SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG para o cofinanciamento da adquisición e mantemento de infraestruturas e equipamento no marco do Plan Estatal de I+D+i.

Apróbanse por asentimento.

Punto 16. Elección de representantes na Comisión de Investigación.

a. Sector Estudiantes: 1 vacante

O reitor toma a palabra para indicar que ao presentarse só unha candidatura non é precisa a votación, proclamándose a D. Pablo Pereira Sánchez representante electo polo sector estudantes na Comisión de Investigación.

Punto 17. Elección de representantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

a. Sector Estudiantes: 1 vacante

O reitor toma a palabra para indicar que ao non presentarse candidaturas esta praza continúa vacante.

Punto 18. Rogos e preguntas.

O reitor cede a palabra ao profesor Francisco Javier Rodríguez Berrocal.

Intervén para facer dúas preguntas en relación cos pagos derivados de produción científica e do VAD. Indica ao respecto que hai unha parte considerable do PDI desta Universidade que depende, para realizar certos gastos, como asistencia a congresos, compra de material etc., dos ingresos derivados de produción científica, transferencia e VAD. Estamos a 23 de xuño e desas tres partidas só se ten recibido nos departamentos o 40% de anticipo da partida relativa á produción de investigación. Segundo lle consta, indica, en breve se procederá ao ingreso da totalidade das cantidades correspondentes á produción de investigación e de transferencia, pero non así do VAD. Pregunta cal é o estado de cousas ao respecto e roga que se proceda ao ingreso nos departamentos antes do verán, para que cada persoa poida atender adecuadamente ás súas necesidades.

O reitor cede, en primeiro lugar, a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen explica que na última Comisión de Investigación se pecharon as reclamacións e en breve se procederá a finalizar os trámites para realizar os ingresos nos departamentos correspondentes á produción de investigación e de transferencia.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que o ingreso correspondente ao VAD se realizará con carácter inminente.

O reitor cede a palabra ao profesor Francisco Javier Rodríguez Berrocal, quen critica o sistema de pedido e factura electrónica, implementado recentemente, da UVigo. Sinala que o esforzo do PAS, especialmente dos servizos económicos é esaxerado. Critica que se apliquen estes sistemas a calquera factura, incluso facturas con importes menores de, por exemplo, 30 euros. Dende fóra da Universidade non se esixe que se faga factura electrónica. Roga que se elimine a factura electrónica por debaixo de certo límite económico e que só se aplique para facturas de certa entidade.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen sinala que nos parecía que unha vez feito o esforzo de implementar un sistema de pedidos, con formación e comunicación puntual a todos os servizos, que ademais está funcionando razoablemente ben, sería un error facer esa excepcionalidade e consolidar un sistema dual. O que segue a haber é un sistema de xestión de tickets en relación con gastos con contías moi baixas. Pero fóra diso o retorno que temos é que o sistema está funcionando razoablemente ben. O que hai que explorar é a mellora na xestión de tickets.

O reitor toma a palabra para agradecer o compromiso da comunidade universitaria no cumprimento destas medidas e na implementación do novo sistema. Indica que dende o goberno e xerencia se vai insistir na intensificación do diálogo, a formación e información de todas as unidades. Unha vez completamente implementado e consolidado o novo sistema procederase a avaliar o seu funcionamento.

O reitor cede a palabra ao estudante Brais Fortes Novoa quen roga que dende a UVigo se fagan os esforzos necesarios para buscar a maior unidade posible entre as tres universidades do SUG. Neste sentido amosa a súa preocupación perante as dificultades situacións económicas e de retencións de persoal polas que están a transitar a USC e UDC, sendo alarmante o estado de cousas nesta última. Por tal motivo, roga que a UVigo aproveite a súa boa posición para fortalecer o SUG e amosarse, naquilo que poida, solidaria coas demais universidades do sistema, mesmo posicionándose a prol dunha única universidade.

O reitor toma a palabra para indicar que a UVigo, con el como Reitor á fronte, sempre reclamou ao goberno da Xunta de Galicia maior financiamento ao conxunto do SUG. Neste punto, sinala, a unión, coordinación e compromiso das tres universidades galegas é absoluto e sen fisuras, e esta universidade, a UVigo, fixo esta reclamación perante a Xunta con tanta, senón máis, insistencia que o restos dos axentes do sistema. Nós, continúa, estamos pensando nun modelo mellor para a sociedade galega no seu conxunto. Nós defendemos un modelo de traballo que permite adaptarnos ás diferentes situacións. Nós pedimos insistentemente máis cartos para o sistema. Nós estamos a dar sempre pasos á fronte cando se trata de reclamar un mellor trato para o sistema, pero á vez poñemos sobre a mesa propostas de solución, argumentadas e previamente estudadas.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen indica que hai unanimidade das tres universidades en conseguir máis financiación para o SUG. Agora ben, continúa, o que non pode ser é trasladar determinadas dificultades que teñen a súa orixe en determinados modelos de xestión ao conxunto do SUG. A maiores, vai haber un fondo de “rescate”, precisamente a proposta da UVigo, que garanta o funcionamento das universidades con dificultades. Hai unha campaña que parece querer trasladar a idea e xerar a sensación de que a UVigo é culpable de non se sabe de que polo feito de presentar mellores contas e resultados económicos que outras. Defendemos que o financiamento estrutural sexa equitativo para todos os estudantes independentemente do campus no que estea, é iso, por exemplo, é traballar con criterios de xustiza e solidariedade.

O reitor toma a palabra para sinalar que a solidariedade desta Universidade para con outras é absoluta e activa. Pedimos máis para o sistema porque necesita e merece máis; pedimos que sexa equitativo; pedimos medidas de axuda para aquelas universidades que teñan dificultades, medidas que axuden á USC e a UDC.

O reitor cede a palabra ao representante do PAS pola CIG, Federico A. Fernández Fernández, quen toma a palabra para pedir que se conteste ao recurso de reposición presentado polo Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra, contra a Resolución reitoral de axudas e subvencións á matrícula na Universidade. Dito recurso se presentou por recoller a RR unha interpretación restritiva do recollido no Convenio Colectivo do PAS-L. A RR mingua os dereitos do PAS-L e, por extensión, a do PAS-F e do PDI-L e PDI-F.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen sinala que respectando o desacordo amosado, entende que a medida que contén esa Resolución é do máis adecuado. O obter esa redución de matrícula en determinados casos é bastante difícil de xustificar. Por iso se adoptou esa decisión.

O reitor cede a palabra ao representante do PAS, Carlos Mollinedo Lois, quen insiste na anterior intervención e roga que se convoque á mesa de negociación.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen contesta que se verá o recurso presentado e se adoptará unha decisión.

O reitor cede a palabra ao profesor Juan Carlos Meana Martínez, quen dá lectura a un escrito (**Anexo IV**) asinado por profesores/as da Facultade de Belas Artes no que amosan o seu malestar polo feito de que

dende a Reitoría non se contase co seu colectivo en relación coas accións relativas á cápsula do tempo da UVigo.

O reitor toma a palabra para amosar o seu profundo malestar ante este escrito. Considérao unha deslealdade cara un equipo de goberno que está a promocionar coma nunca esa Facultade. Lamenta, continúa, que non se lle fixese ningunha consulta previa á redacción, sinatura e exposición perante o Consello de Goberno deste manifesto. Á marxe destas consideracións, atenderase ao escrito e darase adecuada resposta.

O reitor cede a palabra ao profesor Xosé Carlos Álvarez Villamarín, quen fai un rogo para que se simplifiquen os trámites administrativos que hai que seguir en relación coa petición de cursos de formación e similares, o que moitas veces provoca o desánimo de cara a solicitude dos mesmos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que esa redución de trámites é realmente difícil, por canto todos os cursos, ademais da memoria, deben incorporar datos económicos.

O reitor cede a palabra á profesora Belén Rubio Armesto, quen pregunta se é posible axilizar os prazos de matrícula e evitar que se estean matriculando en setembro alumnos que aprobaron a selectividade en xuño.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen contesta que intentamos negociar coa CIUG os prazos de matrícula, así como o período de selectividade, sen ter logrado ningún cambio ao respecto.

O reitor toma a palabra para sinalar que se formularán novamente á CIUG.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h do día 23 de xuño de 2015, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral
P.A. Virxilio Rodríguez Vázquez